




Que teño que saber antes da colocación da cápsula endoscópica?

🩹 Que é? 🩹

É un procedemento que utiliza unha cámara inalámbtrica do tamaño dunha pastilla para tomar imaxes do tubo dixestivo.



É perigoso?

Non, é un proceso moi seguro. Con todo, **é moi importante que se cumpran estritamente as pautas indicadas** polo seu médico e as que se indican na parte de atrás desta folla



Que facer os días antes da exploración?

1 De 6 a 10 días antes (___/___/___) deixe de tomar suplementos de ferro

2 2 días antes (___/___/___) ten que facer dieta con estas restricións:

✗ Non tomar

- ✗ Lácteos (salvo queixos duros)
- ✗ Sopas, ovos fritos e tortilla
- ✗ Verdura e pataca
- ✗ Carnes ou peixes afumados, fritos ou guisados
- ✗ Vísceras, embutidos ou carnes graxas
- ✗ Peixe azul e marisco
- ✗ Froita ou zumes con polpa
- ✗ Pan, chocolate e doces
- ✗ Graxas, aceites e salsas
- ✗ Especias, allo, "pepinillo", pemento
- ✗ Alcol e auga con gas

✓ Si tomar

- ✓ Caldo de verduras filtrado
- ✓ Arroz e pasta
- ✓ Carnes magras, cocidas sen graxa ou á prancha e fígado
- ✓ Peixe branco, cocido, sen graxa ou á prancha
- ✓ Zume de laranxa filtrado
- ✓ Galletas, mel e xelea ("jalea")
- ✓ Manteiga crúa (en pouca cantidade)
- ✓ Cafés, té e infusións (sempre que sexan lixeiros)
- ✓ Auga sen gas

3 O día antes (___/___/___) só poderá tomar líquidos sen gas: auga, zume sen polpa, caldo filtrado, infusións ou bebidas isotónicas.

4 Ás 9 da noite (21:00) do día anterior (___/___/___) tomará 4 sobres da **solución evacuante BOHM** acompañados dun vaso de auga cada 15-20 minutos ata acabar os 4 primeiros sobres. É dicir, se se toma o primeiro ás 21:00, o segundo será ás 21:15, o terceiro ás 21:30 e o cuarto ás 21:45.

5 Ás 6 da mañá (6:00) do día da exploración (___/___/___) ten que tomar un frasco enteiro de **Aerored**® e os seguintes 4 sobres da **solución evacuante BOHM** cada 15 ou 20 minutos como se fixo a noite anterior, acompañando cada sobre cun vaso de auga.

6 Acuda á exploración o día ___/___/___ ás __:___ en xaxún ("ayunas") e con roupa folgada. Citaráselle para acudir de novo o ___/___/___